Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❀ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Flora

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Micromitos 049: As maiolas

O ourizo, o útero onde se crían as castañas, despréndese de seu da árbore ou co vareado. Cando madura, regaña e ofrece o froito, xeralmente unha, dúas, tres ou, rara vez, máis castañas.

Di Anibal Otero que en Ribeira de Piquín, a castaña señeira, a que está soa no ourizo, dáselle ás cabras e ás ovellas para que pairan femias que sexan “brancas ou mouras, ou como queiras”. Tamén serven para curar o uñeiro das ovellas e para que as cabras conciban dúas crías.

Cando era imprescindible conservar as castañas para ilas consumindo polo ano adiante sometíanse a procesos de secado e afumado nos sequeiros e canizos.

O traballo de baleirar os ourizos chámase bulla e o de escascalas, como se fai en Froxán do Courel, pisa. Ambos labores fanse en comunidade e nun ambiente festivo.

En Zoñán crese que a quen as come crúas, éncheselle a cabeza de piollos. X. Moure dinos que en Navia de Suarna as que caen nos camiños non se recollen; déixanse para pobres e peregrinos, como sucede coas maiolas, as que se gardan até o mes de maio e o día primeiro, o das maiolas, socórrese a fame dos pobres con elas.

«⇔»

Serie: Micromitos **Publicación:** *Nós Diario*, 6 de novembro de 2020.